



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Delegación Provincial

Edificio Administrativo Monelos, s/n
15071 A CORUÑA



MANUELA HERMO PATIÑO
SÁNCHEZ FREIRE, 58 BAIXO
15706 SANTIAGO
A CORUÑA

Nº EXPEDIENTE : IN670A 2005/213-1

ASUNTO : NOTIFICACIÓN DE DECLARACIÓN DE MEDIOS, APARELLOS E PERSOAL DE CENTRO DE BRONCEADO.

Mediante o presente escrito notifícaselle que como consecuencia da súa declaración de 08/03/2005, procedeuse a inscribir no Rexistro de centros de bronceado e entidades de formación autorizadas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número CB-1500197-1, o centro de bronceado MANUELA HERMO PATIÑO, domiciliado en R/ SÁNCHEZ FREIRE, 58 BAIXO, na localidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

A Coruña, 2 de novembro de 2005
O xefe do servizo de Administración Industrial



Asdo.: Rafael Recina Carrasco



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Edificio Admvo. San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 54 29 30 - Fax: 981 54 29 70
www.sergas.es



**MANUELA HERMO PATIÑO
SÁNCHEZ FREIRE, 58 BAIXO
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA**

EXPEDIENTE: SA703A 2005/2-1

PROCEDEMENTO: SA703A Autorización das entidades de formación do persoal operador de aparellos de bronceado.

Xunto, achégase Resolución do director xeral de Saúde Pública, do 11 de maio de 2005, pola que se **concede** a autorización a entidade FORHERMO para impartir cursos de formación do persoal dos centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2005

A XEFA DE SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL



Asdo. María Couceiro Méndez



**MANUELA HERMO PATIÑO
SÁNCHEZ FREIRE, 58 BAIXO
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA**

EXPEDIENTE: SA703A 2005/2-1

PROCEDEMENTO: SA703A Autorización das entidades de formación do persoal operador de aparellos de bronceado.

D. Jorge Suanzes Hernández, director xeral de Saúde Pública, en virtude das facultades que me están conferidas legalmente, a teor do disposto no Decreto 13/2005, de 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e a vista dos seguintes

FEITOS

1.- Con data do 7 de febreiro de 2005 ten entrada na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de A Coruña a solicitude de autorización para impartir cursos de formación ao persoal de centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV, correspondente a seguinte entidade de formación:

-Nome : FORHERMO C.I.F.33224385B

-Enderezo: SÁNCHEZ FREIRE, 58 BAIXO

-Tfo. (981) 53.41.63 Fax. (981) 53.49.99 E-mail.

- Poboación: SANTIAGO DE COMPOSTELA C.P.15706 Provincia.A CORUÑA

-Titular: MANUELA HERMO PATIÑO

2.- Unha vez avaliado o expediente, con data do 29 de abril de 2005 emítase por parte do delegado provincial da Consellería de Sanidade de A Coruña proposta de concesión de autorización para a citada entidade.

Aos anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes



FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O Real decreto 1002/2002, do 27 de setembro, polo que se regula a venda e utilización de aparellos de bronceado mediante radiacións ultravioletas, en especial o artigo 8, onde se establece a formación do persoal.

II

O Decreto 253/2004., do 7 de outubro, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

III

A Orde do 2 de decembro de 2004 de regulación da formación do persoal dos centros de bronceado e o procedemento para a autorización das entidades de formación, en especial o artigo 6 onde se establece que corresponde ao director xeral de Saúde Pública a resolución do procedemento a proposta do delegado provincial .

Vistos os preceptos legais citados e os demais de xeral aplicación,

RESOLVO

Conceder a autorización á entidade FORHERMO para impartir cursos de formación do persoal dos centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV. Esta autorización implica a inscrición de oficio no rexistro de centros de bronceado e entidades de formación adscrito á Consellería de Innovación, Industria e Comercio co N° 15-000005-2.

A vixencia de dita autorización é de 5 anos, debendo solicitarse novamente a súa renovación no prazo dos tres meses anteriores á data límite da súa vixencia.

A entidade autorizada queda suxeita á obrigatoriedade de comunicar á delegación provincial da Consellería de Sanidade correspondente, cun mínimo dunha semana de antelación os cursos programados.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes ante o conselleiro de Sanidade, de conformidade co disposto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2005

